



**ACORDO DA COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL, DO 29/05/2024,  
POLO QUE SE APROBAN OS PREZOS DAS ENSINANZAS PROPIAS, DOS  
CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN E DAS DEMAIS ACTIVIDADES  
AUTORIZADAS Á UDC**

PREÁMBULO

O orzamento das universidades públicas, tal e como establece a letra c) do apartado 4 do artigo 57 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, conterà, no seu estado de ingresos, os procedentes dos prezos das ensinanzas propias, a formación ao longo da vida e os referentes ás demais actividades autorizadas ás universidades. A mesma norma, alén disto, establece na letra m) do apartado 2 do seu artigo 47, ao enumerar as funcións do Consello Social, que corresponde a este órgano colexiado desempeñar aquelas que a lei da comunidade autónoma determine.

Neste sentido, a letra f) do apartado 3 do artigo 75 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, establece que é función do Consello Social fixar os prezos das ensinanzas propias, dos cursos de especialización e os referentes ás demais actividades autorizadas polas universidades.

En consecuencia, faise necesaria a aprobación dunha norma que regule os prezos de todas as actividades que desenvolve a Universidade da Coruña, tanto ensinanzas propias como formación ao longo da vida, así como aquelas outras que fiquen fóra da regulación autonómica e as diversas accións polas que a UDC considera necesario establecer un pagamento.

Por conseguinte, a Comisión Executiva do Consello Social, na súa reunión do 29/05/2024, decidiu aprobar as seguintes tarifas:

1. Estudos Propios

- a. Prezos máximos de estudos propios de posgrao (requiren titulación universitaria previa):
  - i. Máster de formación permanente: 100 €/ECTS
  - ii. Diploma de especialización: 100 €/ECTS
  - iii. Diploma de experto/a: 100 €/ECTS
  - iv. Microcredenciais Universitarias e micromódulos: 100 €/ECTS



- b. Prezos máximos de estudos que non requiran titulación universitaria previa:
  - i. Curso de formación específica: 60 €/ECTS
  - ii. Curso de formación específica para persoas con diversidade funcional: 60 €/ECTS
  - iii. Microcredenciais Universitarias e micromódulos que non requiran titulación universitaria previa: 60 €/ECTS
  - iv. MOOC's: 25 €/ECTS
- c. Prezos mínimos dos estudos propios:
  - i. Establécese un prezo mínimo de 15 €/ECTS para cursos de posgrao que requiran titulación universitaria.
  - ii. Establécese un prezo mínimo de 9 €/ECTS para estudos de posgrao que non requiran titulación universitaria, exceptuando os MOOC's que poderán ser gratuítos.
- d. Excepcionalidade na aplicación dos prezos máximos dos estudos propios:  
As direccións académicas dos estudos propios poderán solicitar a aplicación dun prezo superior ao reflectido neste acordo, cando concurren circunstancias singulares que o xustifiquen e que queden debidamente acreditadas na solicitude, entre elas as seguintes:
  - i. Aluguer de instalacións, equipos ou maquinaria específica que non estea dispoñible na UDC.
  - ii. Compra de material funxible necesario para o correcto desenvolvemento das prácticas do título.
  - iii. Compra de material inventariable necesario para a impartición do título e que non estea dispoñible na UDC.
  - iv. Desprazamento necesario do estudantado/profesorado ou prácticas de campo de custo elevado.

As excepcións nos prezos serán solicitadas pola Dirección da Unidade de Estudos Propios, a instancia do coordinador do estudo, ao Consello Social e deberán ser aprobadas con anterioridade a que a Comisión de Estudos Propios ou o Consello de Goberno aprobe o estudo propio.



2. Cursos do Centro de Linguas:
  - a. Prezos individuais:
    - i. Alumnos UDC: 3,00 €/hora.
    - ii. PAS e PDI UDC: 4,00 €/hora.
    - iii. Resto de persoas: 5,00 €/hora.
  - b. Prezos de grupo: O que figure no acordo/convenio.
3. Universidade Senior
  - a. Curso de Grao Sénior: 135 €
  - b. Curso de Formación Específica para alumnado egresado: 156 €
  - c. Actividades complementarias (obradoiros e materias oíntes): 62 €
  - d. Actividades complementarias (seminarios): 21 €
  - e. Programa Introdutorio da Universidade Sénior: 62 €
4. Outras taxas:
  - a. Certificacións académicas de títulos propios, de formación ao longo da vida e MOOC`s: 22,31 €.
  - b. Expedición de título:
    - i. Máster de formación permanente: 123,10 €.
    - ii. Diploma de especialización: 60,10 €.
    - iii. Diploma de experto: 60,10 €.
    - iv. Certificado de microcredencial e micromódulo: 22,31 €.
    - v. Certificado de Centro de Linguas: 22,31 €.
  - c. Expedición de duplicado de título:
    - i. Máster de formación permanente: 28,09 €.
    - ii. Diploma de especialización: 28,09 €.
    - iii. Diploma de experto: 28,09 €.
  - d. Envío de calquera documento por correo postal con xustificante de recepción (unicamente a territorio nacional): 10,00 €.
  - e. Recargo por falta de pagamento de matrícula: 30,00 € en cada prazo non pagado.
  - f. Recargo por reactivación de matrícula anulada ou de matrícula desistida: 30,00 €.
  - g. Taxa por tramitación administrativa: 10,00 €